CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.

Contidos

- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Convencións ortográficas elementais.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Animals	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais sobre temas frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Interpretar e explicar de forma guiada información básica, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e formular e contestar preguntas básicas		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas .		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.

Contidos

- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
8	Festivals	8

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados.		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utilizar, de forma moi guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e formular e contestar preguntas básicas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes..		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións ortográficas elementais. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A través da metodoloxía, inténtase axudar ao alumnado a adquirir as competencias básicas.

Aprendizaxe centrada no alumno/a: os nenos e nenas son curiosos por natureza e senten a necesidade de comunicarse cos outros. Con esta metodoloxía preténdese estimular esta curiosidade e crear un desexo por aprender. A necesidade que sente o neno/a por comunicarse axudalle a desenvolver a competencia comunicativa noutra lingua.

- Centrada nunha aprendizaxe significativa: a través de actividades e xogos, a linguaxe será presentada nun contexto próximo ao neno/a, partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema. Teranse en conta os seus intereses e experiencias, deste xeito favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

- Utilizarase a Aprendizaxe Cooperativa (AC) e se traballará en equipo de xeito individual, por parellas, en equipos e en gran grupo, usando diferentes estruturas de AC.

- Empregarase tamén Rutinas Baseadas no Pensamento, sobretudo ao inicio da unidade, facendo chuvia de ideas ou mapas mentais para saber de onde parte o coñecemento do alumnado.

- Aprendizaxe a través das experiencias: canto máis variadas sexan, máis enriquecerán a súa aprendizaxe. Polo tanto cancións, actividades TPR, seguir instrucións, preguntas e respostas para obter e dar información en interaccións cotiás habituais, contos, creación de mini-books de vocabulario, xogos, rimas, role-plays, proxectos significativos adaptados ao seu nivel educativo, etc. serán utilizados durante o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Desenvolvemento das catro destrezas básicas: potenciarase o desenvolvemento da comprensión oral e da fala, antes ca lectura e a escritura, tendo en conta que primeiro se desenvolverán as destrezas receptivas fronte ás activas; isto é, primeiro o entendemento oral e o escrito, antes da expresión oral e escrita. O vocabulario traballado será próximo ao neno/a e revisarse constantemente para ser aprendido.

- Contribución ao Plan Lector de Centro: lectura de contos en inglés relacionados cos diferentes centros de interese.

- Distintos agrupamentos: o desenvolvemento das actividades levarase a cabo a través de distintos grupos: individualmente, en parellas, en pequenos grupos ou no gran grupo.

- Traballarase en ocasións usando Estacións de Aprendizaxe con grupos heteroxéneos e actividades motivadoras para o alumnado, fomentando deste xeito a programación en espiral para reforzar contidos, a cooperación entre o alumnado, a participación e a superación individual.

- Aprendizaxe autónoma: desenvolver as habilidades para aprender a aprender é un obxectivo prioritario, nun clima relaxado e de cooperación.

- Rutinas das clases: Cada unidade didáctica está planificada para diferentes sesións. Cada sesión terá a mesma rutina:

- Actividades de inicio: comezase cunha canción para dar a benvinda, o calendario e/ou un reto, e cunhas actividades para recordar aspectos xa traballados. Son cancións ou actividades de resposta física. Empregarase os primeiros 10 ou 15 minutos.

- Actividades principais: (20 ou 30 minutos) serven para alcanzar os obxectivos propostos. Estas son: explicacións por parte da mestra, e práctica por parte do alumnado de ditas explicacións, contos, actividades de escritura e lectura no libro, xogos de mesa, visualización de películas, traballo na pizarra dixital, etc.

- Actividades de peche: 5 ou 10 minutos, serven para facer unha rápida revisión do traballado ou para facer unha avaliación e dicir adeus. Cancións ou actividades de resposta física. (TPR)

As actividades serán motivadoras e deseñadas para un aprendizaxe de acceso universal da aprendizaxe (DUA) empregando tanto texto coma imaxe e sempre ofrecendo andamiaxe, e multiniveis para atender deste xeito a diversidade do alumnado.

- Durante este curso, grazas ao Proxecto Bilingüe, contarase dous días á semana coa axuda dunha Auxiliar de Conversa compartida co CEIP de Barrantes dende o 1 de Outubro ata o 31 de Maio. Deste xeito participará sistemáticamente cos grupos de 1º a 6º de Educación Primaria, a través de presentacións orais, xogos orais dentro das Estacións de Aprendizaxe e actividades orais para fomentar o uso da Competencia Oral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Xogos de mesa reais e creados para a aprendizaxe da Lingua Estranxeira.

2-Xogos físicos.
3- Libros interactivos
4- Contos reais e adaptados
5- Cancións e rimas
6- Páxinas web de xogos online
7- Encerado dixital interactivo , portátil, tablets e ordenadores
8- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais
9- Actividades DUA
10- Realia, materiais de aula e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11. Libro de texto

1. Xogos de mesa reais e creados para a aprendizaxe da Lingua. (xogos relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente traballados e coñecidos polo alumnado)

- Xogos de tarxetas: imaxe - imaxe; imaxe - palabra, palabra - palabra, preguntas:

adivñar a tarxeta, memory game, facer parellas, what's missing?, Point to..., Odd one out, Reading cards, I have who has?, memory brain, etc.

- Xogos con taboleiros: con imaxes, con imaxes e palabras, con imaxes e instrucións, con imaxes e preguntas ou frases: Bingo; Board games tipo Oca e Snakes and Ladders; Roll and Say; Roll and Find; Rock Paper Scissors; Noughts and Crosses; Give me 5; Kaboom; Battle Ship; I spy with my little eye, etc.

- Puzzles, Tarsias,

- Xogos de palabras: sopas de letras, crucigramas, ordena a palabra, decodifica o código secreto, repasa as palabras e atopa a súa imaxe,

- Real games as: BrainBox, Greedy Gorilla, Colour Match, Lottos, Red dog blue dog, Shopping List, etc

2. Xogos físicos: como xogos de pelota para dicir unha palabra ou frase, xogos de localizar tarxetas no espazo, xogos de pescar as tarxetas, etc

3. Libros Interactivos de manipulación por parte do alumnado con vocabulario e expresións de uso frecuente e tamén libros para ser lidos con luz negra.

4. Contos reais e adaptados.

5. Cancións e rimas: empregaranse tanto en formato audio como vídeo (youtube).

6. Páxinas web de xogos online

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com>

<https://www.funenglishgames.com/>

Wordwall games: <https://wordwall.net/es/community/english-games>

Liveworksheets: <https://es.liveworksheets.com/>

Educaplay: <https://es.educaplay.com/>

Learning apps: <https://learningapps.org/>

Kahoot: <https://kahoot.com/>

7. Pizarra dixital interactiva, portátil, tablets, ordenadores

8. Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: por exemplo, as Ferramentas da propia Xonsellería de Educación nas aulas virtuais, Canva, Genially, Liveworksheets, Wordwall, Educaplay, Kahoot.

9. Actividades DUA: Creación de minibooks, fichas elaboradas pola mestra, elaboración de Final Task ou Proxectos, fichas sacadas de diversos materiais didácticos, de libros de texto ou da web, fichas de reforzo ou ampliación, láminas ou tarxetas,

10. Materiais de aula: flashcards, pizarra branca, material de escritura e debuxo, dados, fichas, posters, etc.

11. Libro de texto Open up 2: Class book Pack (Oxford)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) así como calquera outro aspecto que permita valorar o punto de partida de cada neno e nena (actitude, concentración, participación...).

Neste segundo curso de Educación Primaria realizarase a través da observación directa, mediante o deseño de actividades de resposta física e oral, tanto a nivel individual, en pequeno grupo ou en gran grupo, recollendo os resultados en táboas de valoración específica e rúbricas.

Esta información terase en conta para ver o punto de partida de cada neno ou nena e para modificar a programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	5	15	15	15	15	15	15
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

Os procedementos serán a través da observación sistemática do alumnado nas actividades diarias de aula nas distintas Estacións de Aprendizaxe e nas distintas rutinas de aula, da presentación das Final Task ou Proxectos Finais das unidades didácticas, das gravacións de audio e vídeo, das cancións, das lecturas dos minibooks, da análise do portfolios do alumnado e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, rúbricas e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terase en conta á hora de valorar as evidencias que se recollan e decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso terase en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que se utilizan en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraranse táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestarase atención especial e valorarase, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Para o alumnado que teña algunha avaliación suspensa o plan de recuperación será o seguinte:

- Comunicación á familia ou titor/a do alumno/a para informarlles e orientalos de como traballar para acadar os obxectivos do curso.
- Indicarase pautas de traballo para empregar na casa.
- Facilitarase material de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación para 2º de primaria ten en conta os diversos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as; non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito ou ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas características físicas nin habilidades innatas. Por iso, cada actividade das que se propoñen pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e esixencia, estando apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Prestaremos atención personalizada aos alumnos e alumnas e colaboraremos na realización de diagnósticos precoces e a aplicación de medidas adaptadas a nenos e nenas que requiran de tratamento particular.

Para levar a cabo esta atención personalizada, fixarémonos nos seguintes aspectos principalmente:

- os materiais e recursos: que sexan visuais, de liñas claras, atractivos, facilmente manexables e variados en relación a todos e cada un dos temas de traballo;
- as actividades de cada sesión: que sexan de duracións variables, flexibles na duración e o desempeño;
- o nivel de esixencia na intervención dos nenos e nenas en cada actividade: que sexa flexible.

Atención aos nenos e nenas con con dificultade de aprendizaxe: Incluírémolos nas actividades colectivas, de grupo, asignándolles sempre o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

Atención aos nenos e nenas con trastornos de conduta: buscaremos a coordinación co equipo de profesorado do grupo e a orientadora do centro de tal xeito que consigamos incluílos nas actividades de aula.

Atención aos nenos e nenas con nivel de adquisición da lingua estranxeira ou de capacidade de desempeño de tarefas determinadas por riba da media da aula:

- Teremos follas de actividades preparadas para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos-as coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións algo máis complexas das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso da tablet para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

En definitiva, ao longo do curso levaremos a cabo propostas para atender ó alumnado real que teñamos en cada aula. Traballarase en equipos, coa aprendizaxe cooperativa, por estacións de aprendizaxe con grupos heteroxéneos e actividades DUA con andamiaxe e motivadoras para o alumnado, fomentando deste xeito a programación en espiral para reforzar contidos, a cooperación entre o alumnado, a participación e a superación individual.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Promover unha vida saudable a través da práctica regular do deporte e dunha dieta equilibrada.	X		X			X	X	
ET.3 - Os dereitos da infancia.	X						X	
ET.4 - Evitar comportamentos e contidos sexistas e estereotipados.			X		X			X
ET.5 - A resolución pacífica de conflitos.								X

Observacións:

Os temas transversais serán tratados ao longo de todas as unidades e en calquera momento que xurda na aula, aínda que en determinadas unidades serán abordados dunha maneira máis específica.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Thanksgiving, Christmas, Saint Patrick, ...	X	X	X
Saídas didácticas.	Aproveitaranse as saídas como momentos de aprendizaxe onde pregarase a Lingua Inglesa.	X	X	X
Visitas ao centro.	Por parte de distintos profesionais, como de familiares ou persoas que falan a lingua Inglesa. Aproveitaranse estas actividades como momentos de aprendizaxe onde empregarse a Lingua Inglesa.	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Metodoloxía empregada
Favoreceuse o coñecemento e achegamento a outras culturas a través do respecto por elas.
A avaliación do alumnado utilizouse para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Utilizáronse diversidade de materiais manipulativos e dixitais para acceder a información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e multiniveladas, adaptadas ás distintas características do alumnado.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse un ambiente favorable para a aprendizaxe do idioma estranxeiro.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE e CLIL coa Auxiliar de Conversa.

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino así como a autoavaliación do profesorado levarase a cabo ao final de cada unidade para así poder axustarse á realidade da aula. É preciso levar a cabo ditas avaliacións para dar unha mellor resposta ao alumnado. Para ese fin, o profesorado usará unha táboa de indicadores que reflectirá o grao de consecución de cada ítem.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Tendo en conta que toda programación debe ser flexible, ao longo do curso tomarase nota das dificultades que se vaian atopando para analizar os erros e ir modificando o que sexa necesario, tendo en conta as necesidades do grupo ou as características dos alumnos e alumnas que teñan dificultades. Para levar a cabo esta revisión, ao final de cada trimestre, a mestra fará unha reflexión a través do seu diario de aula, da observación directa e da recollida de datos nunhas escalas de valoración dos seguintes puntos:

- Os resultados das avaliacións.
- A porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia oral acadado polo alumnado.
- Nivel de asimilación no uso de recursos informáticos.
- Nivel de empatía e colaboración do alumnado.
- Uso correcto dos recursos e materiais da aula.
- Temporalización das unidades didácticas.

- Rúbrica para que o alumnado evalúe á mestra.
- Rúbrica de autoevaluación docente.

O resultado destes datos permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para os seguintes trimestres e cara o seguinte curso. Este proceso farase a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados